

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE XANEIRO  
DE 2011.**

- 1.- Ratificación da urxencia.
- 2.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Vueling Airlines S.A. para o establecemento de liña aérea. Expte. 7339/101.
- 3.- Modificación do proxecto do aparcadoiro subterráneo de uso mixto na rúa Policarpo Sanz. Exptes. 3519/241 e 3520/241.
- 4.- Conceder a ELOYMAR TRANVIAS UTE, licenza de posta en funcionamento da actividade do aparcadoiro subterráneo de uso público sito en Policarpo Sanz. Expte. 219/420.
- 5.- Aprobación da acta de comprobación do aparcadoiro subterráneo da rúa Policarpo Sanz. Expte. 3533/241.
- 6.- Aprobación do expediente de contratación que contén os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación do contrato de mediación e asesoramento de seguros privados co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. Expte. 18701/240.
- 7.- Clasificación de ofertas para a contratación de servizos bibliotecarios para a biblioteca de Av. Martínez Garrido. Expte. 12178/331.
- 8.- Clasificación de ofertas para o proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns do Castro. Expte. 5092/446.
- 9.- Clasificación de ofertas para a contratación de servizo municipal de xestión catastral delegada e colaboración co servizo de Admón. Electrónica. Expte. 899/500.

**DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar **sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día 31 de xaneiro de 2011, ás 13.00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois ás 14.00 h. en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; ao titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, ao titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros dos grupos políticos municipais do PSdG-

PSOE e BNG. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 31 de xaneiro de 2011.

am.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Isaura Abelairas Rodríguez.